

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0656	Simulación empresarial	2023/2024	8	140	168

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA BELÉN LEIRADO MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, nomeadamente no sector de servizos, así como nas Administracións públicas, desempeñando as tarefas administrativas na xestión e no asesoramento nas áreas laboral, comercial, contable e fiscal desas empresas e institucións, ofrecéndolle un servizo e atención á clientela e á cidadanía, realizando trámites administrativos coas administracións públicas e xestionando o arquivo e as comunicacións da empresa. Poderían traballar por conta propia, efectuando a xestión da súa propia empresa, ou a través do exercicio libre dunha actividade económica, como nunha asesoría financeira ou laboral, estudos de proxectos, etc.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O emprendedor e o plan de empresa	O perfil do emprendedor, a idea de negocio	26	12
2	Estudio do mercado	O producto ou servizo, o prezo, a competencia, o entorno	24	15
3	Trámites e documentación	Elección da forma xurídica e os diferentes trámites de constitución	20	12
4	Xestión do marketing e dos recursos humanos	Elaboración do plan de marketing e xestión dos recursos humanos	20	10
5	Fontes de financiamento	O financiamento propio e alleo nas diferentes fases do negocio	20	11
6	Viabilidade empresarial	Análise da viabilidade da empresa: O plan de tesourería, conta de resultados, balance de situación	22	15
7	Xestión da actividade comercial e financeira	Plan de aprovisionamento, avaliación de inversións, xestión de impagos, xestión das obrigas fiscais	22	11
8	Expediente do proxecto empresarial	Materialización do proxecto empresarial e exposición ó público	14	14

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O emprendedor e o plan de empresa	26

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influir nela.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándolas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.2 Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
CA1.3 Valoráronse os aspectos inherentes á asunción de risco empresarial como motor económico e social.
CA1.4 Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
CA1.5 Seleccionáronse experiencias de innovación empresarial describindo e valorando os factores de risco assumidos en cada unha.
CA1.6 Propuxéronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación destas.
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.2 Diferenciouuse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
CA2.3 Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA2.9 Elexiuse o nome e logotipo da empresa
0CA2.10 Determinouse a ubicación do negocio e diseñouse o espazo físico
CA2.11 Describiuse o perfil dos socios no plan de empresa
CA4.4 Efectuouse unha análise sobre a capacitación profesional para levar a cabo as actividades derivadas do tipo de negocio elixido.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Proceso innovador na actividade empresarial.
Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.

### Contidos

Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.

Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación.

O nome e o logotipo da empresa

Ubicación do negocio e deseño do espazo físico

A persoa promotora e a idea.

Selección de ideas de negocio.

Plan de empresa.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Estudio do mercado	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identifícone a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA2.7 Efectúouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
CA2.8 Efectúouse unha análise da competencia para situar o producto.
<b>CA2.12 Sinaláronse as oportunidades, amenazas, fortalezas e debilidades do negocio</b>
CA3.1 Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.4 Relacionouse a organización establecida pola empresa co seu tipo e cos seus fins.
CA3.5 Identificáronse as funcións dentro da empresa
CA3.9 Valorouse a importancia de dotar a empresa da estrutura adecuada para o seu mantemento.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
O organigrama
Análise de mercados.
Actividade empresarial.
Competencia.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Trámites e documentación	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.2 Recoñecéronse os tipos de empresas existentes.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA3.6 Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA5.1 Recoñeceuse a esixencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
CA5.2 Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
CA5.3 Identifícaronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
CA5.4 Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
CA5.5 Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
CA5.6 Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
CA5.7 Realizáronse os trámites necesarios que cumpla realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
CA5.8 Recoñeceuse a existencia de trámites de carácter específico para determinados tipos de negocios.
CA5.9 Valorouse a importancia do cumprimento dos prazos legais para a tramitación e a posta en marcha dun negocio.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Empresario ou empresaria.
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Asignación de recursos.
Trámites xerais para os diversos tipos de empresa.

**Contidos**

Tramites específicos. Negocios particulares.

Autorizacións, instalación ou constitución.

Inscricións en rexistros.

Carnés profesionais.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión do marketing e dos recursos humanos	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.3 Xestionáronse os recursos humanos.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Fontes de financiamento	20

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Defínironse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA3.8 Recoñéceronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.
<a href="#">Métodos de selección de investimentos</a>
Investimento na empresa.
Fontes de financiamento

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Viabilidade empresarial	22

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA4.5 Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Investimento na empresa.
Plan de viabilidade.
Análise económico-financeira de proxectos de empresa.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión da actividade comercial e financeira	22

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
CA6.5 Planifícaranse as necesidades financeiras da empresa.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Plan de aprovisionamento.
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Expediente do proxecto empresarial	14

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Expediente do proxecto: elaboración e selección do destinatario.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Mínimos exigibles:

Os mínimos exigibles de cada unidade didáctica están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no currículo do ciclo e son:

#### U.D. 1:

- CA1.4--Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
- CA2.1--Avalíronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
- CA2.2--Diferencióuse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
- CA2.3--Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
- CA2.4 Determinouse o produto ou servicio que se queira proporcionar coa idea de negocio.
- CA2.9 Elixíuse o nome e logotipo da empresa.
- CA2.10 Determinouse a localización do negocio e deseñouse o espazo físico.
- CA2.11 Describiuse o perfil dos socios no plan de empresa.

#### U.D. 2:

- CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
- CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
- CA2.6 Identificóuse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
- CA2.7 Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
- CA2.8 Efectuouse unha análise da competencia para situar o producto.
- CA2.12 Sinaláronse as oportunidades, ameazas, fortalezas e debilidades do negocio
- CA3.1 Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
- CA3.5 Identificáronse as funcións dentro da empresa

#### U.D. 3:

- CA3.2--Recoñecéronse os tipos de empresas existentes.
- CA3.3 Establecérонse claramente os obxectivos da empresa.
- CA3.6--Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
- CA5.1--Recoñeceuse a esixencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
- CA5.2--Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función da forma xurídica que se elixa.
- CA5.3--Identificáronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
- CA5.5--Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
- CA5.6-- Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social

#### U.D. 4:

- CA3.8--Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
- CA4.3--Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
- CA6.5--Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.

#### U.D. 5:

- CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
- CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
- CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.

CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.

CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.

U.D. 6:

CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.

CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.

CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa

CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.

CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumplíronse as obrigas fiscais.

U.D. 7:

CA6.2--Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.

CA6.3--Xestionáronse os recursos humanos.

U.D. 8:

CA6.9--Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.

CA6.10--Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación realizarase unha proba escrita de natureza teórico-práctica na que o alumnado demostrará o coñecemento da materia do módulo. Cada proba será puntuada de 0 a 10 puntos.

Elaborarase un Proxecto empresarial en grupo e para a súa cualificación, utilizarase escalas de valoración nas que se terán en conta os seguintes aspectos:

- O contido do Plan de empresa inclúe toda a información requirida, correctamente organizada.
- A valoración obxectiva e realista da información na toma de decisións, e a precisión e eficacia na realización dos cálculos.
- A correcta redacción e presentación do documento así como a utilización da identidade visual corporativa no mesmo.
- A claridade na exposición e a transmisión da imaxe corporativa no material de apoio.

A lo largo del curso escolar realizaranse duas avaliacións. A cualificación será a nota media ponderada (segundo porcentaxes de valoración indicados) das seguintes variables avaliadas (sempre que cada una delas fose superada con nota igual ou maior que catro):

##### 1ª Avaliación

- 30% da nota da proba obxectiva.
- 70% da nota do Plan de empresa. Avaliarase a parte do documento correspondente ás unidades desenvolvidas neste período e a exposición do mesmo.

##### 2ª Avaliación

- 30% da nota media das probas obxectivas.
- 70% da nota do Plan de empresa. Avaliarase tanto o documento final como a exposición do mismo.

A nota final coincidirá coa da segunda avaliação en caso de estar aprobada, cando non se acade unha cualificación positiva ó final da segunda avaliação, realizaranse as actividades do plan de recuperación que se formulará de modo individualizado, baseándose nas partes pendentes de recuperar e de acordo co calendario establecido polo centro.

A utilización por parte do alumnado de calquera dispositivo non autorizado ou copiar por calquera método nas probas obxectivas, así como a entrega de traballos realizados por outras persoas ou publicados en internet ou en outro medio, suporá suspender a avaliação, e deberá recuperar a materia correspondente na proba obxectiva final ou, no seu caso, entregar outro traballo orixinal.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando o alumnado non acade unha cualificación positiva ó final da terceira avaliación, realizará as actividades do plan de recuperación que se formulará de modo individualizado, baseándose nas partes pendentes de recuperar e de acordo co calendario establecido polo centro.

O profesor indicaralle a cada alumno os contidos a recuperar tanto no caso de que teñan que ser valorados mediante probas obxectivas como se consistiran na entrega dun novo traballo ou modificación ou mellora do traballo obxecto de recuperación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua será determinada polas faltas de asistencia ás clases do alumno que superen o límite máximo establecido (10% da duración do módulo, para faltas de asistencia non xustificadas). A perda deste dereito non implica a prohibición de seguir asistindo ás clases; non obstante, as tarefas presentadas polo alumno non serán avaliadas nin se lle calificarán os exames que realice. O alumno será separado do grupo e deberá realizar as actividades de forma independiente. O material elaborado e a idea do proxecto quedarán dispoñibles para o resto do grupo.

A avaliación destes alumnos levarase a cabo nas datas establecidas polo centro e comunicadas dentro do prazo correspondente.

Nesa data, o alumno entregará o expediente do proxecto elaborado de xeito individual e realizará a súa exposición cun tempo máximo de 15 minutos. Ademais, someterase a un exame escrito, baseado nos contidos do módulo.

A cualificación será a nota media ponderada segundo porcentaxes de valoración indicados das seguintes variables avaliadas, sempre que cada unha delas fose superada con nota igual ou maior que catro:

-Expediente do proxecto e a súa exposición (70%).

-Proba escrita (30%), que consistirá en preguntas tipo test ou de resposta curta.

A utilización por parte do alumnado de calquera dispositivo non autorizado ou a copia por calquera método nas probas obxectivas, así como a entrega de traballos realizados por outras persoas ou publicados en internet ou noutro medio, suporá a suspender a avaliación con unha nota final de 1.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O desenvolvemento da presente programación, e a propia práctica docente, avaliaranse a través da análise de:

- Actividades de aula desenvolvidas, tras recoller o propio profesor, de modo sistemático, a información das actividades docentes realizadas.
- Datos recollidos para as xuntas de avaliación, que incluirán os referidos ás porcentaxes de alumnado suspenso e aprobado, así como o grao de cumprimento da programación.
- Memoria de fin de curso, na que, entre outros datos, figurarán a porcentaxe da programación impartida e as modificacións habidas con respecto ao programado.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Coa avaliación inicial preténdese recoller, por parte do profesorado-titor, coa colaboración do resto do equipo docente, a información disponible de cada alumno e alumna, en particular, e do grupo-clase, en xeral. O intercambio de opinións e de información entre o profesorado facilitará a toma de decisións como un primeiro paso no proceso da avaliación continua.

O coñecemento das características, dos niveis e das necesidades do alumnado que se incorpora ao ciclo formativo é clave para poder adaptar a proposta curricular, planificar e programar as actividades de cada módulo profesional, así como reorientar e situar o alumnado.

Ao comezo do curso, o equipo docente levará a cabo unha sesión de avaliación inicial do alumnado, na data fixada pola Xefatura de Estudios, que terá por obxecto o coñecemento das características e da formación previa de cada alumno e alumna, así como as súas capacidades.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ademais de seguir as consignadas no Plan de Atención á Diversidade do IES, en canto ás súas liñas xerais, realizarase o seguinte:

1. As actividades deseñaranse con distintos graos de dificultade e distintos enfoques, para que todos os alumnos poidan realizarlas con éxito.
2. Realizaranse, se fose necesario, actividades diferentes para diferentes agrupamentos de alumnos, de tal forma que poida atenderse a todos os alumnos, ou que algúns alumnos poidan ser tutorados polos seus propios compañeiros.
3. Fomentarse a excelencia na educación proporcionando aos estudiantes tarefas más complejas e estimulantes, sempre tendo en conta as súas capacidades individuais, para promover unha aprendizaxe más profunda e duradeira, ofrecendo ferramentas necesarias para desenvolver as súas habilidades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais está presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

Ó longo do módulo intentarase que o alumnado tome conciencia sobre certos aspectos que si ben non son obxectivos directos a conquerir, si que é moi importante telos en conta por canto axudarán á formación individual e en sociedade do alumnado.

Estos temas están á orden do día na sociedade, nas familias e nos medios de comunicación.

#### Educación ambiental

O alumnado ten que comprender as relacións co medio no que estamos inmersos e coñecer os problemas ambientais e as solucións individuais e colectivas que poden axudar ó mellorar o entorno. Tentarase fomentar a participación solidaria persoal cara ós problemas ambientais que están a degradar o planeta. Para elo tentaremos concienciar ó alumnado no uso de aqueles componentes informáticos que cumplan coas normativas vixentes de aforro enerxético, reciclaxe de materiais sobrantes (toner, tintas, restos de ordenadores...) así como no bo uso e reciclaxe de toda a documentación en papel que se xenera.

#### Educación do consumidor

O consumismo está cada vez mais presente na nosa sociedade. É necesario dotar ao alumnado de instrumentos de análise cara ó exceso de consumo de produtos innecesarios, así como dotalo dunhas pautas de consumo responsable e con criterios lóxicos de compra.

#### Educación para a convivencia

Na aula van convivir moitas persoas con intereses que non sempre serán similares polo que é un lugar idóneo para inculcar actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social.

Na medida das posibilidades, realizaranse actividades en grupos que favorecerán estas actitudes, sobre todo a capacidade de traballo en equipo, a colaboración e a escucha activa e o respecto as opinións dos demais

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Faranse aquelas que sexan planificadas polo departamento ao longo do curso.